XUNTA DE GALICIA

**ACORDO SOBRE A ACUMULACIÓN DAS HORAS DE LACTACIÓN NOS CENTROS DOCENTES PRIVADOS CONCERTADOS.**

O Boletín Oficial do Estado do 17 de xaneiro de 2007 publicou o "V CONVENIO COLECTIVO DE EMPRESAS DE ENSINANZA PRIVADA SOSTIDAS TOTAL OU PARCIALMENTE CON FONDOS PÚBLICOS".

O artigo 40 do antedito Convenio Colectivo recoñece aos traballadores, por lactación dun fillo menor de nove meses, o dereito a unha hora retribuída de ausencia do traballo e, así mesmo, establece que o persoal en pago delegado poderá acumular o tempo de lactación sempre que exista un acordo entre a Administración Educativa e as Organizacións Patronais e Sindicais.

Polo anteriormente exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións patronais e sindicais da ensinanza privada concertada da Comunidade Autónoma de Galicia adoptan o seguinte

**A C O R D O :**

**ACUMULACIÓN DAS HORAS DE LACTACIÓN**

A Administración Educativa asumirá o custo das substitucións do profesorado en nómina de pago delegado derivadas da acumulación das horas de lactación previstas no artigo 40 do V Convenio Colectivo de empresas de ensinanza privada sostidas total ou parcialmente con fondos públicos ata un máximo de 28 días naturais.

No caso de parto múltiple, o permiso ampliarase en 28 días máis por cada fillo a partir do segundo.

As solicitudes de autorización de ditas substitucións deberán ser formuladas pola titularidade do centro privado concertado ante a Delegación Provincial correspondente con, alomenos, quince (15) días naturais de anticipación á data de efectividade de disfrute do traballador.

FSIE

C.OO.

XUNTA DE GALICIA

Cando sobre a devandita solicitude recaia resolución expresa, a titularidade do centro privado concertado seguirá os mesmos trámites que para o resto de solicitudes de substitucións.

Este Acordo será de aplicación a partir do 1 de setembro de 2007.

O persoal docente que, á entrada en vigor deste Acordo, estea gozando da hora diaria de ausencia ao traballo por ter un fillo menor de nove meses poderá solicitar a súa acumulación nos días que proporcionalmente lle corresponda.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2007

Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A CONSELLEIRA,

Asdo.: Laura Sánchez Piñón

Polas Organizacións Patronais,

ACES-GALICIA,

Asdo.: Olga Amoedo Cabrera

CECE,

Asdo.: José Manuel Álvarez Fernández

Educación e Xestión,

Asdo.: José Luis Baños González

Polas Organizacións Sindicais,

CC.OO.,

Asdo.: Marcial Comesaña Figueiras

FSIE

Asdo.: Armindo Francisco Mera

UGT,

Asdo.: Ana Lozano de la Torre

USO,

Asdo.: Isidro A. Amoedo Rodríguez

CIG,

Asdo.: Xosé Lois Rivera Jácome